

# Balbordo

Nº 2 – Maio de 2004

## OS PREMIOS LINGUALAXE

Carmen Álvarez, 1ºESO-A

Como xa vos contabamos no noso primeiro Balbordo, o equipo de normalización do noso instituto decidiu crear o premio Lingualaxe, un agasallo en forma de diploma para distinguir aqueles locais da nosa comarca que usan o galego nas súas actividades. Polo de agora, a entrega

deste premio estivo acompañada sempre dalgún acto cultural. O primeiro, en xaneiro, foi para o *café Rañolas* e logo da entrega puidemos escutar dúas contacontos do grupo de teatro Vichelocrego. O segundo premio Lingualaxe foi para o *lavado de coches O Albor* e o acto de entrega estivo arrougado polos alumnos e alumnas de música de 1º de



bacharelato que actuaron baixo a dirección do profesor Sergio Álvarez. No mes de marzo, dentro da programación de actividades que se fixo no noso instituto con motivo do Día Mundial do Teatro, entregámoslle o terceiro premio Lingualaxe á perruquería *Susana Domínguez*, de Vincios. O

último premio entregado polo momento foi o correspondente ao mes de abril e concedéuselle a *Xanela do mar*, unha tenda de peixe e marisco situada na Ramallosa. Nesta ocasión, a entrega do diploma estivo



acompañada da actuación dos alumnos e alumnas de música de 2º de bacharelato. Os nosos parabéns para todas as empresas premiadas, o noso agradecemento para todas as persoas que colaboraron nesta actividade e o noso convite para que nos acompañedes no mes de maio na entrega do último premio Lingualaxe deste curso.

## **27 DE MARZO: DÍA MUNDIAL DO TEATRO**

Marta Parada, 1º ESO-A

O pasado 26 de marzo celebramos no noso instituto o Día Mundial do Teatro. Comezamos co I Concurso de Teatro Inmediato no que participaban oito parellas de actores e actrices: 48 horas antes entregáraselles un fragmento dunha peza teatral a cada parella e eles, neses dous días, tiñan que preparalo para representalo.

A continuación unha parte dos alumnos de 1º da ESO fixeron o baile de ritmo e coordinación que tiveron que preparar para o exame de Educación Física. Procedeuse logo á entrega dos premios do concurso de carteis do Día Mundial do Teatro, que estaban expostos na planta baixa do instituto, e do premio Lingualaxe, que concede o equipo de normalización lingüística; nesta ocasión foron Marta e Rubén, en representación de Balbordo, os que lle entregaron o premio á perruquería Susana Domínguez.

Actuaron despois Santi Prego e María Xosé López Villar, cun espectáculo músico-teatral sobre o Camiño de Santiago que incluía contos, lendas, romances e cancións. Finalmente entregouse o premio á mellor

parella do Concurso de Teatro Inmediato: áinda que todos o fixeron moi ben, a parella gañadora foi a número 5, formada por Pablo e Iago.

Por último, puxéronse uns petiscos para matar a fame un pouquichiño e despedímonos todos ata o Día Mundial do Teatro do ano que vén.

## **FACEMOS RÁDIO**

Nahir Sío, 1º ESO-B

Un grupo de alumnos e alumnas estamos a participar na emisión de programas de radio no IES Terra de Turonio. Pasámolo moi ben: falamos de temas actuais, ás veces facémoslle unha entrevista a alguén que fala dalgúnha experiencia ou cóntanos curiosidades. Pero non sempre facemos entrevistas. Ás veces, o programa ten un contido diferente e contamos chistes ou propoñemos algúna adiviña, e quen saiba a resposta íten regalo seguro! O más difícil é estar no control, atentas a cando van falar as locutoras, pois hai que baixar a música, subir o volume dos altavoces... ¡Unha experiencia divertida e interesante!

## **Tetraloxía**

Sergio Álvarez

Esta é a curta historia dun neno que se chamaba Antón, áinda que na vila mariñeira na que vivía era coñecido polo alcume de Churchill.

Churchill era moi pequeno e bonitiño, e cando chegaron á aldea uns rapaces que viñan cun circo déronlle traballo como anano. Logo duns meses Churchill era un perfecto anano.

A súa cotización aumentou moiísimo, mentres que os seus valores morais caeron ata as cotas más denigrantes da condición humana. (ver cap. III)

Logo duns anos de viaxes, o circo recalou en Ourense e Churchill, contemplando as Burgas, notou que lle faltaba algo. Continuou contemplando e notou que lle faltaban moitas cousas. Foi cando Churchill pronunciou a súa célebre frase: "devólvenme o garfo".

## TENIS DE MESA

Leticia Rodríguez, Leticia Rial e Sandra Vicente, 2º ESO B

Sara Fernández, Miguel Araújo e Juancho Verea son tres alumnos de 2º da ESO que xogan ao tenis de mesa no **Vincios T.M.** Están a acadar importantes éxitos neste deporte a pesar da súa curta traxectoria. Tres membros do equipo de normalización fixéronles unha entrevista para *Balbordo*.

BALBORDO: ¿Canto tempo leva funcionando o equipo?

MIGUEL: Arredor de 7 anos.

BALBORDO: ¿E vós?

JUANCHO: Uns dous anos.

BALBORDO: ¿Cantos xogadores hai no equipo?

MIGUEL: Uns 35.

BALBORDO: ¿Onde adestrades?

JUANCHO: No Centro Cultural de Vincios e mais no ximnasio do IES Terra de Turonio.

BALBORDO: ¿Canto tempo lle dedicades á semana?

MIGUEL: Seis horas á semana.

JUANCHO: Tres horas á semana.

SARA: Catro horas á semana, dous días.

BALBORDO: ¿En que campionatos participastes?

MIGUEL: Campionatos infantís tanto galegos como de España.

BALBORDO: O mellor momento...

JUANCHO: Hai pouco, no campionato galego, porque quedei segundo de Galicia.

MIGUEL: En novembro do 2003, porque tiven unha racha moi boa como xogador base do equipo.

SARA: No 2003, cando conseguín o terceiro posto do galego alevín.

BALBORDO: E o peor...

JUANCHO: Perder contra algúen do teu equipo.

MIGUEL: Ter que adestrar no verán.

SARA: Ir adestrar pola semana.

BALBORDO: ¿Que destacariades do tenis de mesa como deporte?

JUANCHO: Que axuda a liberar tensións e que é divertido.

MIGUEL: Que podes viaxar e que xegas ti individualmente.

SARA: É un deporte para pasar o tempo no que cada día aprendes más cousas.

BALBORDO: ¿Quen é o voso adestrador?

MIGUEL: George Swartz, romanés, antigo xogador da selección romanesa.

BALBORDO: ¿Ata onde queredes chegar?

MIGUEL E JUANCHO: Ata xogar en primeira división.

SARA: Gustaríame xogar un campionato de Europa.

BALBORDO: Animade os vosos compañeiros e compañeiras a xogar ao tenis de mesa...

MIGUEL, JUANCHO E SARA: Que se animen a xogar, que poden viaxar e é unha boa maneira de coñecer xente e de relacionarse.

### Exposición O Carrabouxo e a lingua

Durante o mes de maio teremos no noso instituto unha exposición de viñetas do *Carrabouxo* do debuxante ourensán Xosé Lois González, organizada polo ENL *Balbordo*.



## CREACIÓN

### O cimo

*Carolina Reynoso  
2º Bacharelato B*

Anoitecía,  
e no desterro degolado  
tornei a mirada  
cara ao címo achado.

Seguín a senda  
que unha rúa estreita  
vixiaba rexamente,  
e desorientoume  
unha e outra vez  
un ouveo solitario.

Alto refluxio  
de sobreiras e sicomoros,  
móstrame a panacea do olvido,  
que tornarei  
a miña pesarosa derrota  
nun sereno pasear.

E por fin, no cume,  
a miña fuxida involuntaria  
esquecerá o recordo  
da paisaxe lonxana.

### OPINIÓN

O tesouro da lingua

*Xosé Antonio Alonso Domínguez  
4º ESO A*

O galego é un tesouro e ímolo perder. Hai xente que non sabe da importancia do galego e pensa que o castelán é mellor idioma, que o galego non ten importancia. Son os galegos, a xente de aquí, os que o desprezan porque áinda pensan que é un idioma de campesiños. E mesmo cren que se lle falas galego a unha persoa galega que che está a falar castelán estás a cometer unha falta de respeito.  
¡Deberíalles de dar vergoña!

### XOGA CON BALBORDO...

Propoñémosche un novo reto: busca as respuestas a estas tres preguntas e déixaas, xunto co teu nome e curso, na caixa de Balbordo que hai na biblioteca. Hai unha sudadeira negra agardándote...

1. ¿Cales son os elementos que se utilizan para fabricar a pólvora?
2. ¿Cando e como morreu Hitler?
3. ¿Onde naceu o autor ao que se lle dedica este ano o Día das Letras Galegas?

## CULTURA POPULAR

O próximo 17 de maio celébrase o Día das Letras Galegas, que este ano está dedicado a Xoaquín Lorenzo (1907-1989). Este etnógrafo, arqueólogo, historiador, fundador do Museo do Pobo Galego e membro da Real Academia Galega foi unha das figuras fundamentais no estudo da cultura tradicional da Galicia da primeira metade do século XX. A etnografía e o estudo da cultura popular foron o centro de todas as súas preocupacións intelectuais: a arquitectura tradicional, os oficios, os xogos populares, as cantigas, as lendas, as adiviñas, os romances, os contos, etc. son elementos importantes da nosa tradición e, como mostra, aquí vos deixamos un conto popular recollido por *Diego Alborés Méndez* de 4º ESO A.

### O rato do monte

Este era un rato de monte que un día recibiu unha carta dun seu curmán, tamén rato, que vivía nun muíño. Convidábaoo a pasar uns días canda el. O rato do monte decidiu ir. Ao chegar, viu que o seu curmán estaba ben mantido e preguntoulle:

- Oes, curmán, ¿como é que estás tan ben mantido?
- É que eu vivo aquí, no muíño, e podo comer fariña, millo, ... E ti -dixo el- ¿como é que estás tan fraco?
- É que eu vivo no monte e non puedo comer máis ca raíces, algúns piñóns, ...
- Pois se queres, eu convídote a comer. Tes aí un saco de millo sen encetar... Veña, vai comer.
- ¿En serio?

O rato do monte, nada máis saír da ratoeira para dar conta do saco de millo, volveu entrar coma un foguete e, todo asustado, díolle ao seu curmán:

- ¡Mira que aí fóra hai un gato!
- ¡Bah! A min ese gato non me toca nin os bigotes. Paso sempre por diante del e nunca me fai nada.
- Daquela, vai ti diante, xa que tes máis confianza.

O rato gordo saíu cara ao saco de millo e... izas! O gato papouno enteiriño. Entón saíu a fume de carozo o rato de monte, esfameado, dicindo:

- ¡Máis vale fraco no monte que ghordo no papo do gato!

*Data límite:  
21 de maio*

